



SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN E EXPEDIENTE RELATIVO AOS FOGOS DO APÓSTOLO 2020

Na noite do 24 de xullo de 2020 tiveron lugar, na nosa cidade, o tradicional espectáculo de fogos artificiais con motivo da celebración das festas do Apóstolo. Por primeira vez os fogos abandonaron a Praza do Obradoiro e fixéronse de forma descentralizada desde diferentes puntos da cidade. Dos 8 puntos iniciais previstos para o lanzamento, anuláronse dous (Granxa do Xesto e Monte de Deus), por risco de incendio e diante da prohibición da Consellaría de Medio Rural, e produciuse un incendio noutros dos puntos, nas inmediacións do Parque do Restollal.

Tendo en conta todo o anterior, Marta Lois González, concelleira do grupo municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, solicita:

- Copia ou acceso ao expediente completo de tramitación dos Fogos do Apóstolo 2020.
- Copia ou acceso ao plano e informes relativos ás localizacións do dispositivo de emerxencia durante os fogos.
- Copia ou acceso ás comunicacións entre o Concello de Santiago e a Consellaría do Medio Rural.
- Copia ou acceso ás comunicacións entre o Concello de Santiago e a Delegación do Goberno.
- Copia ou acceso ás comunicacións entre o Concello de Santiago e a empresa adxudicataria dos Fogos, así como o planning das modificacións realizadas -técnicas ou económicas- despois da anulación de dous dos lugares de lanzamento.

- Copia ou aceso aos partes internos de Policía Local, Bombeiros e Protección Civil do Concello de Santiago.
- Copia ou aceso dos informes realizados polo Concello de Santiago sobre o incendio no Restollal ou sobre outros posibles danos acontecidos na noite do 24 de Xullo por causa dos fogos artificiais.
- Copia das comunicacións públicas feitas polo Concello de Santiago para informar do incendio, ou outros percances, á cidadanía (notas de prensa, mensaxes de Twitter ou Facebook, ou calquera outra).

Santiago de Compostela, 27 de Xullo do 2020


Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

